

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DE A CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A IMPLEMENTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

### COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, (Consellería) nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo ), en representación desta, en virtude das



facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) (UDC, USC e UVIGO) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.



**SEGUNDO.-** A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Formación Profesional, Educación e Universidade en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022 , do 23 de xuño, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

**TERCEIRO.-** Que Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: ciencia excelente, desafíos mundiais e competitividade industrial europea e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

**CUARTO.-** Que a a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais



e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder ós seus retos, que camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación.

**QUINTO.-** Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e as Universidades galegas avanza nunha estratexia que permita en Galicia o impulso e a creación de centros e Institutos de I+D+i mais fortes e capaces de competir en contextos nacionais e internacionais dinámicos.

Institutos, centros ou unidades de investigación teñen potencial para conformar polos de excelencia, en ámbitos de interese estratéxico para a Comunidade Autónoma co obxecto de fortalecer as súas capacidades científicas, potenciar o liderado internacional da investigación e actuar como axentes tractores no Sistema Galego de I+D+i.

**SEXTO.-** Que as tres Universidades no obxectivo de favorecer estruturas científica e investigación máis excelentes e eficientes están a desenvolver, novos proxectos de reformulación ou creación de Centros de investigación en distintas fases de deseño e implementación que se indican a seguir:

Na **UDC. Novo Centro de Investigación en Industria Intelixente ( Ci3)** construírse nunha parcela da Avenida de Esteiro na cidade de Ferrol cunha superficie de 1.455 m<sup>2</sup>.

No Campus Industrial de Ferrol, existe unha importante concentración de investigación orientada á Industria Naval, a Defensa e ao sector da Mecánica do Metal, un sector que representa o 18% do PIB da Comunidade Autónoma galega.



A esta peculiaridade hai que engadir a longa historia que ten de colaboración coa industria e as súas asociacións, da que destaca a Unidade Mixta de Investigación (UMI UDC-Navantia, Estaleiro 4.0), que vén desenvolvendo 14 liñas de investigación en cooperación con empresas e outras institucións de investigación para seis anos .

Neste marco, Universidade de A Coruña, propón a creación dun Centro de Investigación centrado nas seguintes liñas estratéxicas de investigación: novos materiais e técnicas de fabricación, modelización, enxeñería naval e oceánica, fabricación aditiva e materiais avanzados.

Para este centro a UDC esta traballando no Programa funcional do centro e a licitación do Proxecto se realizará no ano 2023.

### **Na USC. Nova Sede do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) no Campus Sur de Santiago de Compostela**

O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) é un centro de investigación mixto da Universidade de Santiago de Compostela e da Xunta de Galicia, creado o 2 de xullo de 1999. O obxectivo principal do Instituto é coordinar e fomentar a investigación científica e técnica no campo da física de altas enerxías, física de partículas e nuclear e en áreas relacionadas como a astrofísica, a física médica ou a instrumentación.

O persoal do IGFAE ocupa varias dependencias do edificio Monte da Condesa no que se localizan os despachos que empregan os/as investigadores/as do instituto e o persoal de apoio. Nestes mesmos locais conta con varios laboratorios dedicados aos traballos de investigación que desenvolve o persoal adscrito ao IGFAE.



Estas dependencias proceden dos espazos que ocuparon varios departamentos vinculados á Facultade de Física.

A actividade do IGFAE ten aumentado considerablemente nos últimos anos. O ano 2016, o Instituto foi recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maetzu e varios dos seus membros teñen recibido as axudas Starting Grant e Advanced Grant do European Research Council. Este aumento da actividade, ademais das disfuncións sinaladas máis arriba, fan necesario reformar e ampliar as instalacións que ocupa o IGFAE, tanto no que se refire ás dependencias dedicadas a despachos, salas de traballo e reunións e outras zonas comúns como aos laboratorios necesarios para o desenvolvemento das liñas de investigación do instituto.

Ante a necesidade de contar con espazos adecuados para a preparación de equipamentos para as grandes colaboracións nas que participa o IGFAE , despois de avaliar as opcións dispoñibles no campus de Santiago, a USC decidiu que a localización máis adecuada para as dependencias do Instituto eran os espazos das plantas -1 e -2 do edificio Monte da Condesa que xa ocupaba o Instituto, acrecentados cos locais anexos que ocupaba a antiga cafetería e mais os espazos ocupados por grupos de investigación que xa non están presentes neses locais.

O 12 de febreiro de 2020 publicouse no portal de Contratos de Galicia a licitación os traballos de redacción do proxecto básico e de execución para as obras de reforma e ampliación das dependencias que o Instituto ocupa no edificio Monte da Condesa. O proxecto básico entregouse en decembro de 2020.

Para este Centro a USC dispón de Proxecto de Obra e prevese licitar a execución das obras durante o primeiro semestre do ano 2022. O equipo



redactor do proxecto dividiu as actuacións en tres anualidades, correspondentes ás actuacións nos anos 2022, 2023 e 2024 .

### **Na UVIGO A nova sede o Centro de Investigación Mariña (CIM)**

O CIM é o elemento central da estratexia mariña da Universidade, e constitúe un polo interdisciplinar de referencia no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento do mar, centrando a súa misión na xeración de coñecemento de excelencia en ciencia mariña, na transferencia dese coñecemento para beneficio da sociedade, e na internacionalización da actividade investigadora no ámbito do mar.

O CIM-UVigo é unha referencia en ámbitos como a observación oceánica e o cambio global, a ecotoxicoloxía mariña, a explotación sustentable dos recursos mariños e a xestión integral da zona costeira.

Ubicado na Estación de Ciencias Mariñas na Illa de Toralla, o integran 15 grupos de investigación con máis de 200 persoas. Aínda que o centro conta cunhas infraestruturas únicas a dimensión que esta a alcanzar neste momento require dunha ampliación do edificio, que pola súa ubicación actual na illa, e impensable.

A illa de Toralla, e unha propiedade privada constituída como Sociedade Anónima quen desfruta dunha concesión de 99 anos. A illa é privada e os seus viais non son públicos e, polo tanto, as parcelas carecen de la condición de solar. A Estación de Ciencias Mariñas, un edificio-laboratorio de la Universidade de Vigo constitúe a única dotación pública .

O novo CIM implantarase na parcela da Universidade de Vigo nos terreos da ETEA en Vigo. As novas instalacións permitirán dispoñer das capacidades e equipamentos de investigación necesarios para tomar aproximacións multifocais e explotar sinerxías para abordar estudos mariños a gran escala que dean resposta aos complexos problemas cos que se enfrenta o mar.



Para este centro a UVIGO realizará o Programa funcional do centro no ano 2022 e a licitación do Proxecto se realizará no ano 2023.

**SETIMO.-** Polo anteriormente exposto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades do SUG coinciden en salientar a necesidade de fomentar as accións que conduzan ao desenvolvemento de capacidades e servizos para a xestión do coñecemento científico de excelencia nos ámbitos referidos. En consecuencia, expoñen a necesidade de constituír novas sedes e e actualizar os edificios

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.-** Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades para a implantación e construción das infraestruturas de Investigación de acordo aos obxectivos científicos e a memoria establecida para cada un deles .

### **SEGUNDA.-** Actuacións

As accións neste convenio recollen as liñas de colaboración coa UDC, USC e UVIGO para levar a cabo as seguintes actuacións

A este efectos:

Na **UDC. Novo Centro de Investigación en Industria Intelixente (Ci3 no**



## Campus de Ferrol

A través deste convenio a UDC levará a cabo a construción do Ci3, concibido como edificio de nova planta onde os investigadores dispoñan de tódalas ferramentas e recursos nun mesmo espazo multidisciplinar que permita dar resposta aos grandes retos da industria 4.0.

A creación da infraestrutura singular CI3, e a resposta a o gran reto da industria intelixente como é a innovación. Proxectase unha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contar non só con todo o equipamento singular –laboratorios– senón que permitiría a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño. O CI3 reunirá nun so edificio a seis ámbitos de especialización como son a robótica Industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñaría naval e offshore, xestión Industrial e desenvolvemento de produto.

A parcela, segundo catastro ten unha superficie total de 1.561 metros cadrados. Tralo análise preliminar urbanístico e construtivo a parcela, o cuarteirón 8C, está dotada con todos os servizos necesarios para seu correcto desenvolvemento como electricidade, rede de telecomunicacións, subministro de auga y saneamento e gases especiais.

O edificio contempla unha dotación para laboratorios e zonas de espazos xerais que constará de Cátedras, museo científico, espazos rent-out e mini-labs. Contará con zonas de almacenamento e servizos xerais.



As actuación prevista co cargo a este Convenio son :

No ano 2022 a elaboración do documento do Programa de necesidades e requirimentos técnicos-científicos e no 2023 a redacción do proxecto de obra.

Actividade	2022	2023	Total
Programa de necesidades	50.000,00		<b>50.000,00</b>
Redacción do Proxecto		900.000,00	<b>900.000,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>50.000,00</b>	<b>900.000,00</b>	<b>950.000,00</b>

**Na USC . Nova Sede do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) no Campus Sur de Santiago de Compostela,**

A través deste convenio a USC levará a cabo a construción da nova sede do IGFAE

O Instituto esta acreditado como un referente no campo da física de alta enerxía, física de partículas e nuclear

O solar onde se implanta o proxecto está situado no Campus sur da Universidade de Santiago . Conta cunha superficie catastral de 18.099 m<sup>2</sup> e referencia catastral 6173401NH3467C0001AM.

Trátase dunha actuación mixta, de acondicionamento do xa edificado no interior do inmobile actual e de execución dun novo volume en planta baixa.

Os obxectivos son dotar ao IGFAE de flexibilidade e identidade arquitectónica propia para adaptar os diferentes espazos os requirimentos das actividades de investigación, actualización e mellora dos espazos que se conservan, aumento da ratio "superficie por usuario" e dotación de novos espazos dedicados a laboratorios e ás actividades de investigación. Estes obxectivos e mais o programa de necesidades acordado co Instituto



concrétanse nunha superficie total de actuación de 4.880,15 m<sup>2</sup> dos que 348,5 corresponde ao volume de ampliación.

O Proxecto de reforma e ampliación das dependencias que o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías ocupa no edificio Monte da Condesa. conta con licenza obras do Concello de Santiago con número de expediente 2021/00009827K.

A licitación das obras realizarase no ano 2022 e a execución da actuación nos anos 2022, 2023 e 2024, nas seguintes fases:

- Obras de reforma do espazo que ocupa actualmente a cafetaría:
- Traballos de reforma interior nos espazos existentes na planta -1 e -2
- Traballos de urbanización na área de acceso ao redor da ampliación.
- Posta en servizo dos espazos reformados ata o momento e da ampliación sobre a explanada

Actividade	2022	2023	2024	Total
Obra	267.169,48	2.469.011,59	1.913.221,12	4.649.402,10
Dirección de obra	34.132,98	57.524,29	48.022,15	139.679,42
Coordinación de seguridade e saúde	7.771,14	11.158,57	14.280,31	33.210,02
<b>Total</b>	<b>309.073,60</b>	<b>2.537.694,45</b>	<b>1.975.523,58</b>	<b>4.822.291,63</b>

A planificación dos traballos e as actividades detallades correspondentes a cada fase descríbense no proxecto de execución.

**Na UVIGO Nova sede do Centro de Investigación Mariña (CIM) na ETEA Vigo**

A través deste convenio a UVIGO levará a cabo a construción da nova sede do CIM concibido como edificio de nova planta. O CIM ten como



obxectivo fundamental contribuír á conservación e uso sostible dos océanos, mares e recursos mariños a través da xeración e transferencia de coñecemento baseado na ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

A construción da nova sede permitira mellorar os aspectos da axenda científica e dara servizos a empresas do sector, a investigadores de ciencias mariñas (oceanógrafos, biólogos, químicos, físicos e outros), conformando unha peza clave para o desenvolvemento da I+D mariña na Universidade de Vigo.

O programa de usos deseñado para a nova sede establece:

- A Unidade de embarcacións e equipamento para buques permitiría o almacenamento de pequenas embarcacións, con doado transporte ó peirao, e todos aqueles equipamentos oceanográficos que habitualmente se almacenan ou na ECIMAT (Estación de Ciencias Mariñas de Toralla)
- A Unidade de procesado de mostras contara con laboratorios de procesado de mostras, incluíndo un laboratorio de augas e contaminantes, outro de procesado de mostras biolóxicas, e outro de sedimentos
- A Unidade de contaminación mariña para o estudo dos novos contaminantes, incluíndo os microplásticos, instalarase un laboratorio especializado que permita coñecer o impacto e a remediación destes contaminantes no medio mariño
- A Unidade de bioloxía mariña onde se poderán realizar experimentos deseñados en micro e mesocosmos e en situación de laboratorio
- A Unidade de xeoloxía mariña poderá procesar de xeito ordinario as mostras sedimentolóxicas e xeolóxicas recollidas, utilizando



equipamento científico de alto nivel xa existente na Universidade de Vigo

- A Unidade de física mariña contara con un laboratorio adicado á investigación sobre física de fluídos, que incluírá estudos atmosféricos e de condicións das augas tanto superficiais como profundas.

A Unidade de química mariña que constará de catro laboratorios, un de pre-procesado e análises básicos de mostras

As actuación prevista co cargo a este Convenio son

No ano 2022 a elaboración do documento do Programa de necesidades e requirimentos técnicos-científicos e no 2023 a redacción do proxecto de obra.

Actividade	2022	2023	Total
Programa de necesidades	48.400,00		
Análises estrutural	16.940,00		
Estudo xeotécnico	14.520,00		
Concurso de ideas		36.300,00	
Redacción Proxecto		208.120,00	
<b>Total</b>	<b>79.860,00</b>	<b>244.420,00</b>	<b>324.280,00</b>

### TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, a UDC, a USC e a UVIGO comprométense:

Por a disposición os terreos e estruturas necesarias par a construción das Infraestruturas relacionados na cláusula 2

Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.



Contratar a redacción dos estudos e proxectos necesarios, así como a dirección, execución e recepción das obras.

Asumir o custe das licenza de obra e do ICIO necesarias.

Levar a tramitación e adxudicación dos contratos que e correspondan, así como o seguimento, control e supervisión dos proxectos que execute a Universidade no marco do presente convenio.

Garantir que as actividades derivadas deste convenio axustaranse ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda

Difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nas comunicacións ou publicacións nas que se difunda información relativa ás actividades desenvolvidas para a execución dos proxectos obxecto deste convenio.

A Consellería comprométese:

A colaborar no financiamento do gasto realizado polas tres universidades para impulsar as accións descritas neste convenio.

A colaborar, si as dispoñibilidades orzamentarias o permiten, no financiamento da construción do Ci3 da UDC e do CIM da UVIGO, unha vez redactados os Proxectos de obra.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto as universidades non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.



#### CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é seis millóns noventa e seis mil cincocentos setenta e un euros con sesenta e tres (6.096.571,63 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2022	2023	2024	TOTAL
UDC	50.000,00	900.000,00		950.000,00
USC	309.073,60	2.537.694,45	1.975.523,58	4.822.291,63
UVIGO	79.860,00	244.420,00		324.280,00
<b>Total</b>	<b>438,933,60</b>	<b>3.682.114,45</b>	<b>1.975.523,58</b>	<b>6.096.571,63</b>

Esta cantidade de 6.096.571,63 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade do convenio.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.



- Concursos de ideas, redacción de proxectos e estudos
- Execución de obras, honorarios de dirección e coordinación de obra

De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do artigo 62 do seu regulamento poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente e logo da presentación da documentación acreditativa que corresponda referida na epígrafe anterior.

Non obstante o anterior, en función do efectivo ritmo de execución das obras, a distribución de anualidades poderán ser obxecto de reaxuste en función da dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento, sen que sexa precisa a autorización do Consello da Xunta cando non se supere o número de anualidades previstas no presente convenio.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas o crédito sobrante poderá destinarse a asumir posibles modificacións do proxecto e custos asociados á liquidación das obras. Tamén se poderán incluír aqueles investimentos en equipamento científico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio consonte aos fins para os que se executan as obras.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007,



de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

#### **QUINTA.-** Fórmula de pagamento

Para o pagamento, as universidades chegarán antes do 15 de decembro de cada anualidade:

Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá detallar as actuacións descritas neste Convenio, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. Coa memoria chegarase copia cotexada da xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, ...) e dos pagamentos, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.



Na última xustificación remitirase certificación de obra acompañada da liquidación.

Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración

En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

#### **SEXTA.-** Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **SÉTIMA.-** Comisión de seguimento



Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un dos cales ostentará a presidencia.
- Un membro da Universidade de A Coruña
- Un membro da Universidade de Santiago de Compostela
- Un membro da Universidade de Vigo

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

#### **OITAVA.-** Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2024.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da



axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **NOVENA.-** Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado



nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a UDC, a USC e a UVIGO deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

#### **DÉCIMA.-** Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.



Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO-PRIMEIRA.-** Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.



Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e  
Universidades

Julio Ernesto Abalde Alonso  
Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz  
Reitor da Universidade de Santiago (USC)

Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo

